



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA (servizo de contratación)
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. A/S/ C78-15

ANUNCIO

Asto.- Aprobación definitiva da modificación do contrato administrativo do "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU".

A Xunta de goberno local, por unanimidade do seus membros asistentes (04 dos 06 que con dereito a constituen), en sesión ordinaria celebrada o pasado día 21.12.2015 acordou o seguinte:

1º.- Aprobar a modificación do contrato administrativo do "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU" adxudicado a IDADES S.L, CIF B- 36577542 mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 20.7.2015,e formalizado en data 4.9.2015 do seguinte xeito:

Con esta modificación o prezo de adxudicación para a modalidade de SAF para persoas en situación de dependencia (con IVE) pasa de 141.316,4 €/ anuais a 155.780,72 €/ anuais, manténdose inalterable o prezo de adxudicación da modalidade do SAF de libre concorrencia.

Os prezos aplicables á modificación serán os que resultan da seguinte cadro:

A. SAF DEPENDENCIA.-

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)	Prezo TOTAL, incluídas as prórrogas (IVE engadido)
149.789,16 €	4%- 5.991,57 €	155.780,72 €	467.342,16 €

B. SAF LIBRE CONCORRENCIA.-

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)	Prezo TOTAL, incluídas as prórrogas (IVE engadido)
30440,76 €	10%- 3044,07 €	33484,83 €	100.454,49 €

Dita modificación é obrigatoria para o contratista adxudicatario e supón unha alteración do prezo de adxudicación do contrato que pasa do importe anual de 166321,92 euros, sen IVE, a 180.229,92 euros polas dúas modalidades de prestación, aos que sería de aplicación o 4% e o 10% de IVE para o SAF Dependencia e SAF libre concorrencia respectivamente, o que supón que o importe anual polas dúas modalidades de prestación pase de 174.801,23 euros IVE engadido a 189.265,55 euros IVE engadido.

A modificación aprobada deberá ser formalizada en documento administrativo en cumprimento do disposto nos arts 219.2 e 156 do TRLCSP. Asemade o adxudicatario deberá reaxustar a garantía definitiva constituída mediante retención do prezo consonte dispón o artigo 99.3 do TRLCSP para que a mesma garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de tres días hábiles contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste senso, a empresa adxudicataria tiña constituída garantía por importe de 16.632,20 euros, e coa modificación do contrato descrita anteriormente, o importe da garantía pasa a ser de 18.022,99 euros, polo que terá que reaxustar a mesma incrementándoa no importe de 1.390,79 euros.

2º.- Notificar a IDADES S.L, CIF B- 36577542 mediante correo electrónico (info@idades.es) en canto adxudicatario do contrato de dito servizo, segundo contrato formalizado con data 4.9.2015,coa obriga de formalizar a modificación do contrato aprobado definitivamente, en cumprimento do disposto nos arts 219.2 e 156 do TRLCSP nun prazo máximo de tres días hábiles dende o seguinte ó da recepción da notificación do



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA (servizo de contratación)
RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

presente acto administrativo.

3º.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Intervención, á Traballadora social do concello como responsable do contrato para o seu coñecemento e ós efectos oportunos."

O que se publica en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.

En Bueu, a 23 de decembro de 2015

O Alcalde,
Félix Juncal Novas